



INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

ASUNTO / OBRA: VALORACIÓN DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA ANORMALMENTE BAIXA CORRESPONDENTE ÁS OFERTAS PRESENTADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DO CADAVAL E XESTAL” POS+2024. ACHEGA 2023.

PROMOTOR: CONCELLO DE CABANAS

DOCUMENTO QUE SE INFORMA: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DO CADAVAL E XESTAL. *JUSTIFICACIÓN BAJA TEMERARIA*, presentado por **CONSTRUCCIONES POCIANO NIETO S.L.**, como documentación requerida polo Concello de Cabanas con obxecto da xustificación da redución da oferta económica presentada para a realización da obra de referencia e incluída no documento designado como “*SOBRE ÚNICO: Oferta económica y referencias valorables automáticamente*”.

Emítase este informe a petición da Mesa de Contratación, con obxecto da revisión da documentación presentada polo referido licitante para a xustificación dunha oferta económica con valor anormal ou desproporcionado correspondente á realización da obra indicada no encabezamento deste escrito e dentro do proceso administrativo aberto para a contratación da mesma.

En cumprimento do solicitado e unha vez examinada nas dependencias municipais a documentación existente, **INFORMO:**

1. En relación á xustificación da oferta presentada por CONSTRUCCIONES POCIANO NIETO S.L, atopamos as seguintes baixas significativas (respecto do proxecto técnico redactado a propósito da obra) por capítulos no orzamento de execución material (O.E.M.) dentro da proposta económica ofertada:

1.	CADAVAL	-13,354%
2.	XESTAL	-15,991%
3.	SEGURIDAD Y SALUD	0,00%





Cabanas

CONCELLO

Rúa do Concello, s/n – 15.621 CABANAS
Teléf. 981 49 59 59 – Fax 98143 19 44

4.	XESTIÓN DE REFUGALLOS:	+8,903%
5.	VARIOS	0,00%

Por outra banda, en relación aos G.X. e ao B.I., temos o seguinte:

No apartado 1.3.2.- *GASTOS GENERALES Y BENEFICIO INDUSTRIAL* da documentación xustificativa presentada vemos que se declaran literalmente uns gastos do 13% xerais resultando unha cifra de 4.629,54 € e un beneficio industrial do 6 %, resultando unha cifra de 2.136,71€.

Por conseguinte:

- GASTOS XERAIS: 0,00% (establécese no 13,00%)
- BENEFICIO INDUSTRIAL: 0,00% (establécese no 6,00%)

En todo caso, pode comprobarse que a proposta económica presentada (42.378,09 €) é un **12,89% inferior** (6.270,85 €) **ao prezo de licitación establecido** (48.648,94 euros).

Por outra banda, pode comprobarse tamén que a proposta económica presentada (42.378,09 €) é un **6,548% inferior** (2.774,96 €) **ao valor correspondente ao límite da oferta temeraria** (45.153,05 €).

2. Tomaranse como referencia para avaliar a oferta económica con valor anormal ou desproporcionado:

- A documentación técnica que serviu de base para o procedemento de contratación da obra de referencia, en particular o seu capítulo adicado ao orzamento.
- As determinacións contidas no apartado 15.4.4. do *PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS*, no cal se recolle a documentación a aportar por parte dos licitadores para a xustificación da oferta con valores anormalmente baixos, establecéndose para elo uns criterios obxectivos a xustificar polas empresas aspirantes.





3. Tomando como base a documentación presentada pola empresa CONSTRUCCIONES POCIANO NIETOS.L, efectúanse as valoracións sinaladas nos seguintes apartados deste informe en relación aos distintos criterios para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta contemplados no anteriormente referido apartado 15.4.4. do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

3.1. Respecto da **XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS**:

- En canto aos materiais, na documentación presentada apórtase información detallada relativa aos materiais de produción propia y os que deben ser adquiridos; incorporan para elo os correspondentes ofertados polos provedores e se adxuntan os prezos unitarios e descompostos detallados.
- En canto á maquinaria, da documentación presentada dedúcese que toda a maquinaria a empregar é propia.
- Por outra banda, efectúase unha oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que recolle o proxecto técnico, presentando un orzamento xustificativo do custo da obra e da oferta.

3.2. Respecto do **VOLUME DE OBRA**:

- Apórtase relación de obras similares executadas o pendentes en varios concellos, indicando o porcentaxe de execucion.

Por outra banda, a empresa declara estar especializada en execución de obra de natureza similar, polo cal enténdese que dipón de medios propios dispoñibles para a realización da obra en licitación.

Polo tanto, en base a documentación aportada estímase compatible a realización da obra en licitación coa execución de outras obras pendentes de executar dadas as circunstancias relativas aos medios propios e medios persoais, sin necesidade de subcontratación alguna.





Por conseguinte, a xuízo da arquitecta técnica municipal, estímase xustificada a relación existente entre as obras e os medios persoais e materiais de que dispón para determinar cómo incide esta relación nos prezos ofertados.

3.3 Respecto da **RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:**

- Apórtase TC de cotización á seguridade social do pesoal laboral fixo e compromiso responsable relativo ás persoas a adscribir á obra obxecto da licitación e declaración de execución con medios propios la practica totalidad de la obra

3.4. Respecto do **CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:**

- A partires da documentación presentada estímase xustificado o cumprimento das obrigas salariais.

3.5. Respecto a **RELACIÓN DE SUBCONTRATOS PROGRAMADOS E CARTA DE COMPROMISO DE SUBCONTRATISTAS:**

- Como xa foi sinalado no apartado 3.1 do presente informe, apórtase na documentación presentada relación detallada dos respectivos prezos unitarios e descompostos e os correspondentes precios ofertados polos provedores de materiais.

Neste sentido, compre sinalar que a empresa non subcontrata unidades ou partes da obra.

Tomando como base todo o anteriormente exposto e como **CONCLUSIÓN** do presente informe, estímase, a xuízo da arquitecta técnica municipal, como **SÍ XUSTIFICADA A BAIXA CON VALOR ANORMAL OU DESPROPORCIONADO** presentada pola empresa **CONSTRUCCIONES POCIANO NIETO S.L**, correspondéndose a documentación achegada para a xustificación da súa oferta básicamente coa requirida no apartado 15.4.4. do *PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DO CADAVAL*





Cabanas

CONCELLO

Rúa do Concello, s/n – 15.621 CABANAS
Teléf. 981 49 59 59 – Fax 98143 19 44

E XESTAL”, *MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS, INCLUIDA DENTRO DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+2024, ACHEGA 2023, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*

Este é o informe que emito, segundo o meu leal saber e entender, o cal someto acalquera outro criterio mellor fundado, e sen prexuízo da interpretación xurídica da Secretaría municipal.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará ao respecto o que estime oportuno.

